




A Banda do Río *rebotouse* despois da súa restauración no asteleiro de Purro

Redacción




A historia da dorna *Banda do Río* comeza no ano 1993. Foi nese momento, cando a construíron en Vilagarcía de Arousa. Dez anos despois, no outono do 2003, foi



e no estaleiro de Purro. En xuño de 2004 xa estaba preparada para ser botada na praia de Beluso.

Co tempo comprobouse que o seu peso e o tamaño do



doado á asociación Os Galos. Atopábase nun estado lamentable por ter pasado moito tempo á intemperie, en terra. A asociación restaurouna na cetaria de Pescadoira




timón dificultaba a súa navegación. Tralas modificacións, en xuño do 2010, procedeuse á *rebotadura* da embarcación na praia que lle dá nome, a da Banda do Río.

As embarcacións están listas para navegar tras realizar as tarefas de mantemento

Redacción




“Patente, alquitrán e aceite”. Estes poderían ser os condimentos necesarios para realizar o mantemento das embarcacións tradicionais. Mais só son os condimentos. Comeza a *cociñarse* cando se sube o barco á rampla. Secar a embarcación é primordial antes de comezar a súa limpeza, o seguinte paso —se todo está en orde— é




lixar os restos de patente. Nesta fase acométense as reparacións que pida cada barco.

O ingrediente principal é a madeira. Este ano, mudáronse toletes, algunha guía dos temóns e algún remo. Cámbianse clavos e enmasíllanse as súas cabezas para evitar o contacto co mar. Coa madeira limpa, o seguinte paso é alquitrantar o interior da embarcación —todo das





panas cara abaixo—. O aceite fai a súa aparición. Entre dúas e catro mans pode chegar a levar un barco. A obra viva recibe a súa ración de patente e, tralo secado, bótase ao mar.




Cos mastros inchados, as velas reciben as puntadas necesarias e só queda a proba de navegabilidade antes de amarralas no pantalán. Unha vez superadas estas probas as embarcacións xa están listas para saír navegar.



Os barcos de Os Galos participaron noutros encontros das Rías Baixas

Redacción

O encontro de Carril é unha das primeiras actividades da tempada de verán ás que adoitan acudir as embarcacións dos Galos. O 2011 comezou coa celebración da semana do mar de Seixo.



Entre as singladuras que deixou o 2010, podemos destacar a visita a Marín, onde estiveron o bote polbeiro e o xeiteiro despois dunha tarde de navegación con moitas viradas debido ao vento, que viña do interior da ría. Combarro, Aldán e a Illa de Ons foron tamén destinos para as dornas da asociación. O encontro da Illa, que ten lugar a continuación do de Bueu, prolongouse nun día polo mal tempo, mais agardamos poder repetir.